O pensamento pedagóxico de Emilia Pardo Bazán e José Rodríguez Carracido: dúas novelas para a educación dun novo século

María López Sández
(UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)
maria.sandez@usc.es

(recibido febreiro/2019, aceptado xuño/2019)

RESUMEN: A coincidencia no cultivo do xénero da estudantina en Emilia Pardo Bazán e José Rodríguez Carracido é reveladora dun interese común por preocupacións pedagóxicas que se expresan tamén noutros escritos non ficcionais de ambos. A pesar das diferenzas de xénero e clase, existen nos seus posicionamentos algunhas notables concomitancias: a defensa da vocación fronte ás imposicións externas; a crítica a unha aprendizaxe superficial, mecánica, memorística e excesivamente especializada; a defensa da necesidade de que conflúan coñecemento teórico e aplicación práctica. Partindo da inserción da estudantina no marco máis amplo do Bildungsroman, *Pascual López. Autobiografía de un estudiante de medicina* (1879) e *La muceta roja* (1890) coinciden en presentar, a través dos seus argumentos, exemplos de formacións fracasadas. É revelador este contraste co fin exitoso da máis coñecida novela do grupo da estudantina compostelá, *La casa de la Troya* (1915), de Alejandro Pérez Lugín ou, no marco máis amplo do Bildungsroman, respecto a *Arredor de sí* (1931), de Ramón Otero Pedrayo. As formacións frustradas de Pascual e Jacobo apuntan, de maneira alegórica, ao que a colectividade perde, facendo intuír a oportunidade que se abriría cunha educación concibida doutro xeito.

PALABRAS CLAVE: Emilia Pardo Bazán, José Rodríguez Carracido, Pascual López, *La muceta roja*, estudantina, educación.

ABSTRACT: Both Emilia Pardo Bazán and José Rodríguez Carracido have written works with students at Santiago University as main characters. This coincidence responds to a common interest in pedagogical concerns that are also expressed in other non-fiction writings of both. Despite the differences between gender and class, there are some notable shared elements in their positions: the defense of the vocation against external impositions; the critique of superficial, mechanical, memoristic, and overly specialized learning; the defense of the need for theoretical knowledge and practical application to converge. Starting from the consideration of their works within the general framework of the Bildungsroman, Pascual López. Autobiography of a Medical Student (1879) and La muceta roja (1890) agree in presenting, through their arguments, examples of failed formations. This casts a revealing contrast with the successful end of the best-known novel by the group to which they belong, La casa de la Troya (1915), by Alejandro Pérez Lugín or, in the broader framework of the Bildungsroman, with Arredor de sí (1931), by Ramón Otero Pedrayo. The frustrated formations of Pascual and Jacobo point,

allegorically, to what the community loses, suggesting the opportunity that would open up with an education conceived in a different way

KEYWORDS: Emilia Pardo Bazán, José Rodríguez Carracido, Pascual López, La muceta roja, Bildungsroman, student-centered novels, education.

Na Coruña e en Santiago de Compostela respectivamente, na mesma década dos 50 do século XIX, naceron Emilia Pardo Bazán (1851-1921) e José Rodríguez Carracido (1856-1928), dous autores entre os que existe unha fenda profunda, ao pertenceren a distinto xénero e clase social nun tempo no que ambas cuestións eran determinantes do destino e da traxectoria vital. Úneos, pola contra, non só o feito de seren escritores galegos coetáneos que empregaron o castelán como lingua de expresión, senón un intenso afán de coñecemento que se vía dificultado (pola condición de muller de Pardo Bazán, pola extracción humilde de Rodríguez Carracido) e unha preocupación pedagóxica que se traslada aos seus escritos e que probablemente explica que ambos sexan autores de dúas das obras que conforman o reducido grupo de novelas pertencentes ao xénero da estudantina compostelá[1], con *Pascual López. Autobiografía de un estudiante de medicina* (1879) e *La muceta roja* (1890) respectivamente.

Ambos tiveron posicionamentos públicos respecto á cuestión pedagóxica, participaron en iniciativas ligadas á educación[2] e recolleron, en escritos de índole autobiográfica (en *Apuntes autobiográficos* Pardo Bazán e *Confesiones* Rodríguez Carracido) reflexións relativas á educación que parten do individual pero que acadan unha dimensión teórica e colectiva. Úneos tamén o coñecemento persoal, do que deixan testemuña afectuosas dedicatorias de Rodríguez Carracido a Pardo Bazán en libros conservados da biblioteca da autora, entre os que se atopa precisamente *La muceta roja*. Ambos profesaron profunda admiración e cariño a Augusto González de Linares, catedrático de Química co que Pardo Bazán mantivo un intenso intercambio epistolar nos anos anteriores á publicación de *Pascual López* (Faus 1984) e que foi clave na formación académica de Rodríguez Carracido no seu paso pola facultade de Farmacia da universidade compostelá.

Malia unha valoración tradicional un tanto superficial do xénero da estudantina, non cabe dúbida de que polas súas características resulta especialmente propicio á expresión de consideracións de carácter pedagóxico. Así, *La muceta roja* foi publicada en México co subtítulo de "novela pedagógica", etiqueta que lle puxo Agustín Aragón e que refrendou o proprio Rodríguez Carracido nas súas *Confesiones*, ao afirmar respecto ao subtítulo que

[1] O conxunto do ciclo literario está integrado por *El último estudiante* (1883), do marqués de Figueroa, *El camino de Santiago* (1909), de Prudencio Canitrot, *La casa de la Troya* (1915), de Alejandro Pérez Lugín e *Palladis Tyrones* (1919), de Armando Cotarelo Valledor, ademais das dúas obras que aquí nos ocupan.

[2] Emilia Pardo Bazán participou no Congreso Pedagóxico Hispano-Portugués-Americado de 1892, no que defendeu o acceso da muller a todos os niveis educativos, o seu dereito a formarse para todas as profesións e a exercelas e ademais a que se recoñecese que esta educación debía ter ante todo unha finalidade para si mesmas, donas de destino propio, e non, como defendías os Krausistas, para seren "mellores nais". Rodríguez Carracido acadou, pola súa banda, destacados postos académicos de responsabilidade, chegando a ser decano da Facultade de Farmacia e Rector da Universidade Central de Madrid (actual Complutense).

"la califica con exactitud porque en mi mente la novela fue engendrada por el discurso que leí en la Universidad personificando los argumentos" (Rodríguez Carracido 1927: 25) e máis adiante, a xeito de paralelismo cos fins que guiaron a escrita do drama *Jovellanos*, reafirma que escribiu *La muceta roja* "con propósito pedagógico" (Rodríguez Carracido 1927: 34). Na propia introdución á obra afírmase que "en la composición de esta historia antes fue la moraleja que la fábula" (Rodríguez Carracido 1890: 5). Cómpre engadir o feito de que no comezo da novela se pon ante os ollos do lector, como escenario e lugar de comezo, unha "escola de instrución primaria", no que constitúe unha ollada sobre a educación que non se limita aos anos universitarios, senón que a través da trama narrativa fai un recoñecemento da importancia dos primeiros anos de formación.

Menos explícita respecto á finalidade coa que escribe *Pascual López* é Pardo Bazán, quen describe a obra na súa introdución como "novela sencilla y más o menos entretenida", xustificando niso que careza dun prólogo doutro autor, ao entender que bastaba para introducila "unos renglones de su propia autora". Percíbese, nesta valoración, a cautela de quen se adentra por primeira vez no xénero novelístico e tamén a tendencia a entender a estudantina como un xénero de entretenemento, non particularmente transcendente, se ben non se nos oculta o carácter retórico destas afirmarcións, pois de contado apunta tamén a autora a unha intención nada modesta ao fundamentar a súa motivación para escribir a obra no feito de que "su publicación puede mover al gobierno y a los sabios a escudriñar lo referente al importantísimo asunto y problema que en ellas se mencionan". Rexeita, con todo, facer explícita a finalidade que a move á escrita, ao posicionarse nun entendemento do literario que non acepta que se engada, a modo de eséxese, o que de seu non sustente a propia obra. Máis adiante, nos seus *Apuntes autobiográficos*, a autora non pasará de considerar esta primeira novela un "ensaio", unha "tentativa", idea que foi continuada pola crítica. Así, Cristina Patiño Eirín (1996) sinala as súas limitacións literarias, lonxe aínda da madurez narrativa que Pardo Bazán acadará en anos posteriores. En calquera caso, este primeiro achegamento ao xénero novelístico desde a estudantina é sen dúbida revelador da preocupación pedagóxica como unha das liñas dominantes do pensamento da autora.

Pode, pois, afirmarse que ambos escritores se achegaron ao xénero da estudantina, cando menos en parte, como consecuencia da súa preocupación e interese pola educación e con conciencia do potencial que este tipo de textos encerran para a plasmación de preocupacións pedagóxicas que ocuparon un lugar sobranceiro na vida e obra de ambos autores, que, malia as evidentes diferenzas (de xénero, de clase, de campo de coñecemento, de traxectoria académica) amosan sorprendentes similitudes de pensamento que tentaremos pór de relevo nas próximas páxinas. De feito, non debe obviarse que os textos que conforman o ciclo narrativo da estudantina se insiren nun xénero máis amplo, a novela de formación ou *Bildungsroman*, que goza pola contra dunha consideración crítica máis elevada.

A DEFENSA DA VOCACIÓN

O protagonista de *Pascual López* preséntase nas primeiras liñas desta autobiografía ficticia como fillo de "ricachones labradores gallegos" que afronta a vida universitaria marcado pola nostalxia da vida rural acomodada. Con todo, axiña se afai a Compostela e á vida de estudante, ata o punto de recoñecer, nunha fase avanzada da trama narrativa, que non sería capaz de regresar á vida do campo. Xorde aquí unha primeira diferenza notable co protagonista de *La muceta roja*, Jacobo, fillo dun bedel e dunha costureira que terán que traballar arreo para satisfacer as aspiracións de ver ao seu fillo distinguido na Universidade. Así mesmo son dispares os protagonistas de ambas novelas no tocante á súa inclinación ao estudo: lacazán Pascual, aplicadísimo e brillante Jacobo. Con todo, estas diferenzas que inicialmente semellan moi notables dilúense coa progresión da novela, pois a riqueza dos labradores non basta para satisfacer os degoiros de Pascual, especialmente tras o seu namoramento de Pastora e a rivalidade co realmente rico Víctor. E, de igual maneira, ambos se verán abocados a estudos para os que carecen de vocación, por ausencia de inclinación cara ao estudo no caso de Pascual, pola escolla condicionada da carreira de dereito no de Jacobo.

En ambas novelas é determinante o papel dos pais á hora de dirixir os estudos dos fillos. Así, se en *La muceta roja* se trunca a vocación botánica de Jacobo, que pasa as horas máis felices da súa adolescencia recollendo plantas nas marxes do Sar e no Pedroso, mais que abraza os estudos de dereito para satisfacer as expectativas dun pai e unha nai que tanto se sacrifican por el, tamén en *Pascual López* se atribúe aos pais, desde unha infancia precoz na que a vocación propia non puido aínda agromar, que o consagren "al arte de Hipócrates y Galeno".

A idea esencial que se desprende de *La muceta roja* é sen dúbida a defensa da vocación fronte ás imposicións sociais e os estereotipos que privilexian uns estudos ou outros. O grande conflito ao que se enfronta o protagonista é xustamente o dilema que se lle presenta entre a súa vocación natural e os desexos paternos. A novela, abordable desde o xénero de formación ou *Bildungsroman*, presenta unha formación frustrada na que o desenlace tráxico -Jacobo regresa de Madrid mortalmente enfermo a Galicia, onde falece- expresa, a través dunha metáfora organicista, o fracaso dunha traxectoria vital na que a inclinación persoal se viu torcida.

A cuestión da vocación emerxe igualmente en *Pascual López*. Cando o canónigo don Vicente arrinca a Pascual da compaña dos seus amigos e dunha vida de indolencia formúlalle a cuestión de se ten ou non vocación médica e ponse en boca deste personaxe unha afervoada defensa da importancia da vocación e o mesmo Pascual, lúcido a miúdo na autocrítica e autoanálise, reflexiona sobre a súa carencia de interese e amor cara aos estudos que persegue:

> -Si usted llama vocación, así... a un entusiasmo, a un delirio... eso, no señor. No me repugna, y basta.
>
> -Está usted en un error... ¡Qué ha de bastar! Sin afición no se estudia, y sin estudiar no se sabe. (Pardo Bazán 1879: 27).
>
> (…)

> Sin ser torpe, me reconocía frío y cerrado para el estudio. Faltábame el amor, que en el estudio como en todo, hace la carga ligera y suave el yugo. No retenía mi memoria los nombres técnicos; los libros se escapaban de mis manos; iba trampeando, leyendo sin interés y de mala gana (Pardo Bazán 1879: 49).

Hai unha actitude común en ambas novelas de procurar o reverso, en moitos sentidos, da vivencia e circunstancias persoais do autor. Malia os evidentes paralelismos existentes en *La muceta roja* entre o protagonista Jacobo e o propio Rodríguez Carracido (a condición humilde como condicionante na altura para que poida estudar unha persoa de notable talento: Rodríguez Carracido era fillo dun barbeiro; Jacobo é na novela fillo dun bedel), o esencial na trama da novela é xustamente a decisión que leva a Jacobo a estudar dereito (de aí o propio título da novela, pola cor da prenda característica desta rama dos estudos) renunciando á súa vocación científica. Non hai neste punto correspondencia coa biografía do autor, que cursou farmacia e chegou a ser o primeiro catedrático de Bioquímica de España. Pode dicirse que Jacobo é o "negativo" do propio Carracido, o que el intuía que podía ter acontecido de ter renunciado ás súas inclinacións naturais.

No caso de *Pascual López*, o distanciamento biográfico é necesariamente maior. Trátase, de feito, da única novela da estudantina compostelá de autoría feminina, pois, pola propia exclusión da muller dos estudos secundarios e superiores, non existía a posibilidade dunha estudantina de protagonista feminina e de terse escrito distanciaríase por necesidade das convencións do xénero. Así pois, en *Pascual López* proxéctanse outras inquedanzas: a de quen ve limitada a súa vocación intelectual e é consciente de que outros, carente dela, teñen acceso a eses espazos de aprendizaxe e saber que lle son vetados. Neste sentido, é relevante o contraste con Pastora e as recriminacións que esta fai a Pascual. Malia que o narrador en primeira persoa sexa Pascual, segundo as convencións dominantes no xénero, non se oculta a lucidez de Pastora, que chega a abraiar ao protagonista, por máis que no momento culminante non sexa capaz de comprender o seu acto definitivo de destruír o diamante que confirma o fracaso e o final frustrado da súa formación. Inevitablemente nunha autora do firme compromiso feminista de Pardo Bazán, que posteriormente defenderá no Congreso Pedagóxico de 1892 o dereito das mulleres a acceder á educación, a formarse para todas as profesións e a exercelas, por máis que Pastora sexa un personaxe fondamente idealizado segundo patróns tradicionais da feminidade, emerxe nela unha actitude de valoración do saber, de alegría por ser quen de escribir, e increpa a Pascual nos seguintes termos: "Aplica los codos: de ti depende. ¡Yo no he de coger los libros y estudiar por ti! Si estuviera en tu pellejo... No te rías; se me figura que tragaría las lecciones. ¡Si te ríes más voy a darte un tijeretazo".

Á vocación acode Pardo Bazán (1892) para defender, en *La educación del hombre y de la mujer*[3], o dereito das mulleres a formarse para todas as profesións e a exercelas, sustentado esta reivindicación no feito de que é un requisito "para ejercitar el santo

[3] A Real Academia Galega acaba de editar a tradución ao galego deste texto xunto con outros escritos feministas da autora. A educación do home e da muller e doutros escritos feministas pode descargarse en: http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/383

derecho de seguir la vocación propia". Ela mesma exemplifica, coa súa vida, a dificultade de seguir unha vocación, neste caso intelectual, nun contexto social que o dificulta e condea pola súa condición de muller.

Así pois, en ambas novelas emerxe unha defensa da vocación, do afán polo saber e da inclinación natural en contraste coas dificultades que a sociedade da época impuña por razóns de xénero, de clase, ou de estereotipos respecto á valoración das distintas esferas de coñecemento que, parcialmente, aínda perviven a día de hoxe.

CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS: CRÍTICA Á MEMORIZACIÓN E CONCEPCIÓN ABRANGUEDORA DO COÑECEMENTO

Como analiza Pablo Pineau (2018) no artigo "Historia de la educación y literatura. Miradas cruzadas para comprender la experiencia escolar", o *Bildungsroman* en xeral e a estudantina en particular son propicias para recoller a experiencia escolar ou universitaria, maioritariamente cunha imaxe negativa da institución educativa, que pode chegar a ser "frustrante, intelectualmente pobre" e que a miúdo contén unha denuncia ás institucións e métodos de ensino. Máis aínda, Pineau interpreta o xénero en termos do que Fredric Jameson denominou "alegoría nacional" -aínda que o propio Pineau non invoque o concepto- toda vez que entende que "la historia personal, la historia familiar y la historia nacional se tejen conjuntamente".

A descrición que se fai da vida universitaria e da aprendizaxe que alí se obtén é profundamente negativa nas dúas novelas que nos ocupan. As críticas paralelas que nelas se recollen, a pesar da marcada diferenza na actitude cara ao estudo dos dous protagonistas, encerra concreción pedagóxicas relativas a un modo de aprendizaxe memorístico e repetitivo, á ausencia de conexión coa práctica e á falta de implicación auténtica e vocacional cos estudos:

> Allí era el tomarse las lecciones unos a otros, incrustándolas en la retentiva hasta poder repetirlas como papagayos. Allí el sudar, el maldecir de la larga holganza, el proponer mayor asiduidad para otro curso, el comer poco, el dormir menos, el soñar alto, el consultar el rostro del profesor como un barómetro, por si a dicha revela hallarse de buen talante y estar propicio y dispuesto a consentir que pasen carros y carretas por el estrecho sendero del saber; allí las recomendaciones sin número, las intriguillas sin cuento, las influencias suaves y eficaces, y por último, hasta las respuestas de antemano escritas con lápiz en el blanco puño de la camisa del examinando... Tras de angustioso purgatorio, vislumbrábamos el paraíso de las vacaciones (Pardo Bazán 1879: 15).
>
> Si las personas consagradas a la vida intelectual no se extrañaban de que uno de los estudiantes más aventajados estudiara Latín, Matemáticas y Física quedando sin entender una palabra de los clásicos, sin saber calcular la alfombra necesaria para una habitación, ni cubicar un baúl ni medir la altura barométrica ¿cómo había de dolerse de tales deficiencias el pobre bedel que de sobra realizaba su misión social venerando el saber que no pudiera alcanzar? (Rodríguez Carracido 1890: 43).

Así mesmo, atopamos en ambos o rexeitamento ou crítica a un modo de aprendizaxe que, en termos de Rodríguez Carracido, podemos denominar de intensivo, caracterizado polo estudo concentrado e a memorización orientados a un exame, fronte á defensa explícita dunha aprendizaxe "extensiva", definida pola calma, a reflexión e a interiorización. Isto foi tratado explicitamente por Rodríguez Carracido en diversos escritos e dá a esta idea unha formulación sólida nas súas *Confesiones*. Pero de igual xeito en *Pascual López* o protagonista explica como se achega e adopta como estratexia de estudiante o primeiro dos modelos:

> Fuime acostumbrando a estudiar en el año obra de un mes, distribuido de esta suerte: quince días a principio de curso y quince a fin. Los quince primeros eran los que tardaban en borrarse de mi ánimo y oído el eco de las no muy blandas razones con que mi padre me exhortaba a aplicarme para llegar a ser hombre de provecho, y de las prolijas súplicas de mi madre, encaminadas a que me zampase todo el saber humano, siempre que pudiese digerirlo sin detrimento de la salud. Los quince últimos eran los que precedían al terrible trance de los exámenes (Pardo Bazán 1879: 14-15).

Un dos principios pedagóxicos que comparten é o carácter abranguedor do coñecemento, no que pode entenderse como un rexeitamento da especialización extrema. De feito, ambos exemplifican coa súa vida e traxectoria unha actitude aberta a distintos campos do saber. Así, Rodríguez Carracido, formado en Farmacia, catedrático de bioquímica, cultivou a literatura e os escritos de índole reflexiva, ateigados de crítica social e reflexión lindante co fiosófico. En *Confesiones*, lembraba e citaba ideas que xa expresara en "Impresiones científicas" e, retomando o que escribira 40 anos antes en "Cultivos pedagógicos" reitera o seu rexeitamento aos excesos de especialización como produtores de "máquinas de un solo producto, lo cual puede ser muy beneficioso para la reputación del individuo acreditándolo como especialista en un asunto concreto, pero funesto para el criterio general de la vida" (Rodríguez Carracido 30). Pardo Bazán, pola súa banda, limitada á autoeducación imposta na época ás mulleres, escritora de profunda cultura, manifestaba un notable interese por asuntos científicos, actuou como divulgadora a través dos artigos de "La ciencia amena" en 1876 e 1877 na *Revista compostelana* e participou activamente nos debates sobre o darwinismo. De feito, o seu pensamento científico, envorcado nas obras de diversa maneira, foi obxecto de estudo (Thion 2015), ata o punto de ser calificada como a novelista da súa xeración máis implicada na ciencia (Pratt 2001: 104). Pero tal vez a mellor expresión da súa avidez de coñecemento se conteña nunha fermosa formulación, ateigada de metáforas e imaxes expresivas, no prólogo a *La dama joven:*

> Mi inteligencia curiosa, ávida de abarcarlo todo, limitada en su afán por la imposibilidad práctica de conseguir nada de provecho en ciencias que reclaman la vida entera del que aspira a profundizarla, ha intentado jugar con el martillo del geólogo, el compás del astrónomo y el soplete del químico, y los ha soltado con desaliento, como suelta el niño un arma grave, convenciéndose de que le faltan fuerzas no ya para manejarla, sino para empuñarla un minuto. La gran poesía de la ciencia positiva la siento yo allá en serenas regiones intelectuales, a semejanza de los que sin saber latín perciben armonía maravillosa en los versos de Virgilio, y con eso me contento, dejando a la poco

> numerosa hueste de los Bruck la gloria de romperse los huesos en obsequio de nuestra madre la tierra (Pardo Bazán 1885: 9).

Nun uso moi semellante da metáfora, Rodríguez Carracido expresa reiteradamente en *Confesiones* que o intelecto que non se ancora na observación e a experimentación, a teoría que non se acompaña da práctica é como o muíño que carece de gran para moer e que nunca poderá producir fariña.

A CUESTIÓN CIENTÍFICA: A NECESIDADE DE AUNAR O COÑECEMENTO TEÓRICO E A APLICACIÓN PRÁCTICA

O rexeitamento dunha especialización e parcelación extremas do saber vai da man, en ambos autores, dunha reflexión sobre o que pode mellorar a vida dos pobos e unha preocupación por como se produce en España o estudo e a ciencia. Significativamente respecto ás dislocacións das obras respecto á personalidade e vida dos autores, na novela da escritora o protagonista segue estudos científicos, de medicina, e a trama focaliza a relación que establece co profesor de química Félix O'Narr; pola contra, na novela do farmacéutico e bioquímico Rodríguez Carracido, o protagonista cursa dereito. Con todo, en ambas novelas, por afirmación ou negación, hai unha énfase particular na ciencia.

No prólogo ao que xa aludimos da novela de Rodríguez Carracido, no que alude de xeito directo á intención que guía a escrita da obra, a cuestión científica revélase fulcral. Dá formulación literaria a unha idea que sostén e que expresou en escritos non ficcionais ao longo da súa vida: que España vive nunha "miseria científica", e que antepor "el libro infalible de la realidad al arreglo artificioso de los libros escritos" é o que caracteriza e enriquece aos pobos "directores de la cultura moderna". El mesmo, nas súas Confesiones, reflexiona sobre as dificultades que lle impediron sumar, no grao no que lle tería gustado, teoría e práctica: "dificultades superiores a mi voluntad por las que no llegué a efectuar la asociación de la toga del catedrático teorizante y de la blusa del experimentador" (Rodríguez Carracido 1927: 25).

Certamente, *La muceta roja* pode en moitos sentidos lerse como o reverso da historia de formación exitosa do Adrián Solovio de *Arredor de si*[4]. Otero Pedrayo parte dun Adrián á procura dun sentido, que transita polo cosmopolitismo e explora o amor da Marquesa de Portocelos como encarnación desa procura de realización no alleo para culminar nunha formación exitosa, na que se atopa un sentido á vida a través da identificación co propio e o retorno á terra. *La muceta roja*, 40 anos antes, parece soster e anticipar ideas semellantes cunha xeografía inversa e un resultado contrario. Neste caso, a formación é fracasada, o protagonista, coma unha planta arrincada do territorio -a metáfora é explícita na novela-, transplantado a Madrid, fracasa e retorna enfermo para morrer. Pero Adrián seguiu un camiño propio, mentres que Jacobo transitou por un que lle veu imposto, renunciando á

[4] Rodríguez Carracido sostivo unha entrañable amizade con Murguía e outras persoas próximas ao galeguismo, por máis que el fose, coma Pardo Bazán, nacionalista español.

súa inclinación natural. Nesa morte que se produce no final da novela, que sume aos seus pais nun pozo de tristura, prodúcese tamén a culminación da frustración dun potencial, o desperdicio dun talento que non só é tráxico en termos individuais e persoais, senón tamén colectivos. Cabe preguntarse que pasaría se ese talento puidese ter agromado en plenitude e liberdade.

Nun forte paralelismo no que ambas novelas se afastan da máis coñecida das que conforman o ciclo da estudantina compostelá, *La casa de la Troya* (1915), de Alejandro Pérez Lugín, o final é, tanto en *Pascual López* como en *La muceta roja*, desgraciado. *La casa de la Troya* cumpre a función de presentar Galicia a un público lector foráneo, idealmente madrileño, para acompañar na lectura unha transformación da percepción que ese lector ten de Galicia, desde o rexeitamento ata a valoración, en paralelo á propia transformación do protagonista, que vén á universidade compostelá castigado polo seu pai pola pouca aplicación ao estudo e os amores cunha corista en Madrid e remata coa voda cunha muller galega, a lúa de mel nunha paraxe idílica e o canto afervoado duns versos de Rosalía. O final exitoso, a transformación do protagonista, do seu odio inicial por Compostela e as súas ansias de retornar a Madrid, ata a identificación eufórica con Galicia e as súas terras, expresada metaforicamente a través do amor e o casamento constitúen un claro uso da "alegoría nacional" tal como a definiu Fredric Jameson e como ocorría en *Arredor de si*, onde as distintas mulleres da trama encarnan en realidade a fidelidade á terra ou, pola contra, o cosmopolitismo impostado.

Cómpre preguntarse a que finalidade de sentido obedecen os finais desgraciados das dúas estudantinas compostelás de Pardo Bazán e Rodríguez Carracido. Cómpre, especialmente, identificar cal é o "importantísimo asunto y problema" ao que aludía Pardo Bazán no prólogo. Nas novelas da estudantina o namoramento do estudante, con maior ou peor fortuna, é un motivo narrativo recorrente. A miúdo, como acabamos de apuntar en *La casa de la Troya*, interpretable en clave alegórica, mesmo como "alegoría nacional". Tamén en *Pascual López* e en *La muceta roja* está presente o motivo narrativo do namoramento, que non culminará en feliz casamento senón en dura decepción.

Por isto mesmo é de relevo comprender que encarna Pastora e que é o que simbolicamente perde Pascual cando ela ingresa no convento tras consumar a destrución do diamante. Franco Moretti refírese ao tesouro da literatura de aventuras do século XIX como a sublimación do expolio colonial: "el provecho sanguinario de la aventura colonial se sublima en objeto estético casi como un fin en sí mismo: piedras resplandecientes, *pulidas*; diamantes, si es posible (como en *las minas del rey Salomón*)" (Moretti 1997: 61). Pero o diamante de *Pascual López* non é froito do expolio, senón da creación case alquímica, baseada no coñecemento científico do brillante Félix Narr, profesor innovador, que leva a experimentación da aula e causa o abraio da concorrencia, mesmo de alumnos que asisten sen estar matriculados na materia. É a culminación material da obra dun profesor que é descrito coma un sabio, que causa admiración, que aplica metodoloxías didácticas sorprendentes por aunar teoría e práctica ou, máis aínda, por empregar a demostración empírica a través de experimentos nas súas lecciónns:

> Repetía experimentos, introduciendo así breve e intuitivamente por los ojos aquello que era difícil de hacer entender mediante la razón. Que el sistema no era del todo desacertado, probábase con la concurrencia mayor cada día, y con el vivísimo interés que en ella despertaban las lecciones. Como sus experimentos solían ser tan sorprendentes e ingeniosos, el auditorio se prendaba de ellos, y la herida imaginación movía a estudiar el fenómeno para comprenderlo (Pardo Bazán 1979: 66).

Dúas explicacións desta índole se presentan na novela, unha no marco da clase, onde dá unha explicación da formación e a estrutura dunha Galaxia para a continuación exemplificalo cun recipente que contén auga mesturada con alcohol e unha pinga de aceite que, ao ser xirado, reproduce as transformacións e comportamentos físicos que acaba de explicar e outra, relativa á materia, xa falando unicamente con Pascual, para sustentar a posibilidade de transformación alquímica que levará á obtención do diamante. Favorecendo, de xeito para todos inexplicable, especialmente para o propio Pascual, a este entre toda a concorrencia de alumnos admirados, pídelle que reproduza o experimento, co resultado de que acaba derramando o líquido e estragando a práctica. Mais o profesor non percibe a admonición deste primeiro fracaso e persiste en designar a Pascual como o alumno electo.

Cal é pois a motivación do profesor Félix O'Narr para escoller ao máis lerdo de entre os seus alumnos como axudante no seu experimento decisivo? Que o leva a confiarlle, no momento do último experimento, o seu legado? O propio Pascual non chega a comprendelo nin se fornece na obra una explicación clara. O interrogatorio ao que o somete antes de implicalo na empresa indica ás claras que lonxe de ser unha eiva que pasa por alto, é xustamente a pouca aplicación, interese no coñecemento científico e aspiracións doutra índole cá material, o que fai recaer en Pascual a atención de O'Narr. Podemos tal vez hipotetizar que Félix temese que un axudante con maior afán científico acabase usurpando o mérito do descubrimento. Pero a súa escolla acaba finalmente provocando que o seu nome sexa borrado da historia e que o coñecemento que adquiriu se perda irrevocablemente. Cando finalmente falece, Pascual foxe, incumplindo a palabra que acaba de dar, co diamante na man, pero sen facer esforzo por rescatar a caixa que o profesor lle confiara e que debía entregar á Asociación Científica de París. Conserva así a fortuna, o produto material, e descoida o coñecemento que permitiría volver producir o experimento. Isto é o que lle recrimina duramente no seu último encontro Pastora: "-Pascual -me dijo-, por lo que veo, tu aturdimiento y el susto que te sobrecogió, aun dándote lugar para poner en salvo este tesoro, te vedaron cumplir la última voluntad del desdichado catedrático. (…)¡Y ese pobre hombre, ese señor tan sabio, que ha realizado un milagro casi, y que por tu apocamiento y tu falta de corazón se queda oscurecido para siempre, vuelto puñado de despreciada ceniza, después de sufrir muerte tan horrible! (…) Mira, yo no entiendo de esas cosas, ni sé cómo pueden llevarse a cabo esos prodigios, y todo ello me confunde y me aturde; pero, Pascual, si yo hubiera inventado tal maravilla, me desesperaría y maldeciría del que me robase la reputación, merecida con tanta justicia".

A priorización da riqueza material sobre o coñecemento acaba traendo consigo a destrución e a desgraza. Pero este resultado non era imprevisible e non pode toda a

culpa recaer sobre Pascual. O seu carácter, a súa falta de interese polo coñecemento, a motivación puramente material eran coñecidas polo profesor. Percíbese aquí latente unha alegoría colectiva: unha sociedade que pon o acceso do saber en factores sociais non ligados á vocación e ao afán auténtico polo coñecemento desperdicia as súas oportunidades e o seu potencial. É Pastora quen ten a lucidez de comprender a magnitude do perdido, e coa destrución do diamante e a súa retirada definitiva ao convento rexeita a un Pascual que se revelou indigno.

CONCLUSIÓNS

Pardo Bazán e Rodríguez Carracido, formados no mesmo contexto da Galicia da segunda metade do século XIX, separados polo xénero e a clase social, compartiron unha enorme vocación intelectual e o amor polo coñecemento. A preocupación de ambos pola educación como factor clave para a mellora e o avance das sociedades expresouse no achegamento ao xénero da estudantina, optando por un modelo de formación fracasada que contrasta coa culminación exitosa da máis coñecida das obras que conforman o ciclo da estudantina compostelá, *La casa de la Troya*.

As traxectorias frustradas de Pascual e de Jacobo sustentan un significado en relación a como se xestionaba o acceso á formación e ao coñecemento e como funcionaban as propias institucións educativas e sociais. Ambas novelas son a historia dunha oportunidade perdida que, a través da traxedia persoal, expresan alegoricamente unha perda colectiva: a da portunidade de prosperidade que traerían consigo a educación, o coñecemento e a ciencia, movidos non por limitacións no acceso e motivacións materialistas, senón por un amor xenuíno, pola unión da teoría e a práctica, e a aplicación do coñecemento nas esferas física e social. Dun xeito máis explícito e directo en Rodríguez Carracido, con maior reelaboración narrativa e simbólica en Pardo Bazán, a perda desa oportunidade pecha melancolicamente ambas novelas, co fulgor dun diamante perdido para sempre nun abismo de escuridade.

BIBLIOGRAFÍA

Bakhtin, Mikhail. "La novela de educación", en *Estética de la creación verbal*. México: Siglo XXI, 1995, 200-247.

Ezama Gil, Ángeles (2012). "La vocación pedagógica de Emilia Pardo Bazán", *Moenia* 18, 417-437.

Gabriel, Narciso de (2018). "Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)". *Historia y Memoria de la Educación* 8: 489-525.

Faus, Pilar (1984). "Epistolario Emilia Pardo Bazán - Augusto González Linares" (1876-1878). Boletín de la *Biblioteca Menéndez de Pelayo*, ano 57 (xaneiro-decembro 1984), 271-313.

Jameson, Frederic (1986). "Third-World Literature in an Era of Multinational Capitalism", trad. ao galego "A literatura do terceiro mundo na era do capitalismo multinacional". *A Trabe de Ouro*: 13, 1993, pp. 11-31.

Moretti, Franco (1997). *Atlante del romanzo europeo: 1800-1900*. Turín: Einaudi. Tradución do castelán de Mario Merlino. *Atlas de la novela europea 1800-1900.* Madrid: Trama editorial, 2001.

Otero Pedrayo, Ramón (1930). *Arredor de si*. Vigo: Galaxia, 2004.

Patiño Eirín, Cristina (1996). "*El souvenir X* de Émile Zola y *Pascual López* de Emilia Pardo Bazán: un juego intertextual de fantasía científica". *Moenia* 2, 539-548.

Pardo Bazán, Emilia (1876, 1877). "La ciencia amena, I-XI". *Revista Compostelana* 3, 17-18; *Revista Compostelana* 4, 25-27; *Revista Compostelana* 6, 41-43; *Revista Compostelana* 7, 49-51; *Revista Compostelana* 8, 57-59; *Revista Compostelana* 9, 65-67; 10, 73-75; *Revista Compostelana* 11, 81-83; *Revista Compostelana*12, 89-91; *Revista Compostelana*13, 97-99; *Revista Compostelana* 14, 105-107; *Revista Compostelana* 17, 129-131.

Pardo Bazán, Emilia (1879). *Pascual López: autobiografía de un estudiante de medicina*. Edición, introdución e notas de José Manuel González Herrán e Cristina Patiño Eirín. Santiago de Compostela: Ara Solis/Consorcio de Santiago.

Pardo Bazán, Emilia (1892). "La educación del hombre y la de la mujer". Memoria al Congreso Pedagógico presentada o 16 e 17 de outubro de 1892. Publicada en *Nuevo Teatro Crítico*, 22, 14-82.

Pardo Bazán, Emilia (1884). *La dama joven*. En *Obras completas I*, edición e prólogo de Carío Villanueva e José Manuel González Herrán. Madrid: Fundación José Antonio de Castro, 2003, 1-58.

Pineau, Pablo. "Historia de la Educación y Literatura. Miradas cruzadas para comprender la experiencia escolar", Vol. XIII nº 33 (xullo-decembro 2018), 151-176.

Pratt, D. J. (2001). *Signs of Science. Literature, Science, and Spanish Modernity since 1968*. West Lafayette (Indiana): Purdue University Press.

https://www.ateneodemadrid.com/biblioteca_digital/folletos/Folletos-0001.pdf

Rodríguez Carracido, José (1890). *La muceta roja*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2000.

Rodríguez Fontela, Mª Ángeles (1996). *Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico*. Santiago: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro".

Thion Soriano-Mollá, Dolores (2015). "Ética y ciencia en La piedra anguar". en *Los discursos de la ciencia y de la literatura en España*. Vigo: Academia del Hispanismo, 405-418).

Sánchez-Moscoso Hermida, Angustias (1971). *José Rodríguez Carracido* (tese de doutoramento). Madrid: Universidade Complutense.

Sánchez-Moscoso Hermida, Angustias (2002). "Las Confesiones de Rodríguez Carracido como testimonio de su ideal investigador y humano", en *Actas del II Simposio "Ciencia y técnica en España de 1898 a 1945, Cabrera, Cajal, Torres Quevedo": 1-3 de agosto de 2000*. Madrid: Amigos de la Cultura Científica, 221-240.